

V Festival da Poesía no Condado / Salvaterra, Xuño 1985

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

V Festival da Poesía no Condado / Salvaterra, Xuño 1985 (2012 [1985]).
Salvaterra de Miño: Sociedade Cultural e Deportiva Condado. Reedición
en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1674>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal


V Festival da Poesía no Condado / Salvaterra, Xuño 1985 (1985). Salva-
terra de Miño: Sociedade Cultural e Deportiva Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

FESTIVAL da POESIA NO CONDADO



22
e
23
de
X
u
ñ
O
do
85



V Festival da Poesía
no Condado.

Salvaterra, Xuño 1985

Edita: S.C.D. CONDADO
Salvaterra de Miño


Imprime:
GRAFISMAR, S. L.
Chapela-Redondela

LIMIAR

Cando as abstraccions andan de saldo son bós tempos para a lírica, ou así se ten demostrado con impertinencia cíclica. Pero tal non parece a razón de que un ano após doutro a Festa da Poesía do Condado acreza os seus años e mova os seus marcos cara adiante. Hai países nos que poida que os nomes dos poetas pasen sen que o seu recordo se reserve o dereito de altera-lo tempo e, con todo, a poesía sexa un feito popular. No imaxinario colectivo faltará -falta- a integración da creación literaria como expresión de cultura pero a poesía conserva o dereito a ser identificada e querida como milagre é a vivir como lumbrigar que ten gañado seu acougo entre día e noite. Hai sitios nos que a poesía se convertiu no único compromiso posible entre a realidade e a utopía e por moi ruín que veña o tempo sempre e tempo de dicir independencia, nós, terra ceibe, amor, lecer, liberdade, humor e fora os lixos do imperio do Miño, que é noso. E o privilexio da poesía, así governe a lírica ou a raposa gringa como ben vedes .

G.Luca de Tena

GALICIA



Xoáquín Agulla
Para os amigos do Condado. 1975.

Xoaquín Agulla Pizcueta

Naceu en Cangas do Morrazo, en 1956. Ten publicados polo de agora dous libros de poesías: *Cántigo e Breila-Elexias de Tiratía-Caluca*, na colección "Chorima".

Colabora nas revistas "A Nosa Terra", "Coordenadas", "Dorna", "Catarse", "Quinkalla fina" e outras.

OSCULO DOS SOÑOS QUE EMBEBE AS HORAS
de fluidas lembranzas e extraños gozos
como esponxa de fráxiles esporas
deitada na noite en profundos pozos.

A máis soedade máis grandes grolos
reclamo a piedade e abertas rosas
vivir é debullar en moitos poros
entre néctares verdes e irtas poutas.

Recobra-la inocencia e o lene voo
daqueles ledos ollos sen cegueira
avarizosos hoxe de esperanza


Máis aló destas mans e destas leiras
debruzados no mar sen temperanza
mata o sol o animal nun vello corgo.

ENCHE O MEU CALICE DE OLLADA LIMPA
e o meu sangue verque sobre das sombras
ráuda e seroida como febles pombas
dalle a esta alma corazón de ninfa.

Gran piedade dos ceos orde habitas
garda un banzo un recanto un aposento
calquer forma de paz ou de silencio
onde sexan as coitas atendidas.

Relembrar e enmedar parte da vida
que no escuro teimar foi barlovento
invernía e catástrofe do xelo.

Entre risos e rufa desmedida
nó desexo finar en claro beixo
e soñar un perdón e algún latoxo.



ESTA E A PARTE DE VIVER ONDE EU RECOBRO O TRABALLO DE PREMIDOS SEIXOS SOBRE A LAMA.

a vosa entrega sen esperanza contra os deuses cando
laborades a pisar coios e xabres
para levar o gando arriba con bimbios e palabras fortes que
chegan até as alcovas de papel amarelo
e cordan as fillas do bon rei, e deitan elas ramos e grinaldas e desexos ao voso magoado camiñar nas laxes.
Vós entrades no meio da vida en exércitos cantando,
levades carruaxes até a liña mudábel da beiramar e ali
poñedes barro de países interiores que non frutifican,
enchedes a baía con prismas e peiraos -logo chegarán os
barcos a ancorar entre cravos de ardora-
e así vai medrando a parte firme sobre as águas.


Xosé María Álvarez Caccamo

Naceu en Vigo, nas Travesas, 1950. Publicou en 1977 "Laberinto el clavicordio" e ten no prelo *Praia das furnas*. Colabora nunha chea de revistas e periódicos den-

tro e fóra do país. Tamen é autor dun "guieiro" para o bon uso do galego: *Galego cero*".

Mañá sodes vós toda esa xente que cicela cuarzo diante
 das portas,
 erguedes o teatro, a biblioteca, o laberinto, os acueductos,
 e no serán acompañades ao gando até os fins da sua
 querencia
 con bimbios que estalan traspasando o lecer das fillas da
 bon rei dentro das verdes alcovas de torre.
 Teño visto como chegávedes no meio da vida cos rostos en
 malla de xofre puro, transportando eucaliptus en fardos de
 guerra, sacos areeiros para cegar minas de água,
 para amatar fogueiras e non veña nunca xullo estragando a
 a flor de millo.
 Pero se volta maio a abrir xanelas diante da casa onde eu
 vos recordo e vos conservo
 libraredes as fontes da mañá con doas de sonoro ferrosobre
 as caixas de granito
 e eu collerei un amor breve no meio da vida que será
 recobrar-mena tristeza.
 Nesta parte das idades entra un exército de cabezas magoadas
 en sal que soben acompañando Xabaris polas avenidas.
 guiando-os con fustas vexetais que estalan en forma de
 coriscos nas teas,
 en figura de paixón entrando nas roupas das fillas do bon
 rei. Elas, doentes, xemen por vos nas alcovas azuis, polos
 ollos tristes con que cantades para que o gando camiñe xordo
 os lugares de querencias,
 choran o remorso de saber que xantades nos escombros lonxe
 da mesa, que dormides a par do frionas aceñas,
 lonxe do leito entre verdes lenturas de sul.
 Esta é a parte do tempo en que vos vexo entrar doridos
 contra os carros de carbón,
 parados diante das casetas para pagar en moedas, en fariña,
 en sombras,
 o traballo de baixar adentro do fume para carregar pesos
 profundos
 que deixan nas meniñas cóncavos moldes e vermellas luces
 ferir,
 As fillas do bon rei durmen agora cinguidas en argazo nas
 lagoas azuis.

Vigo, Maio 1985



UNHA MAN ALONGABA POLA TERRA e
un dedo postrado na rodilla
falareiche de noites agardando
no fetiche do rock
os teus silencios.

de perder sentido / voluptosear
nas mesas dos cafés
soñando que eras outra
outra lonxe a parte
das caras
os ollos brazos que aquí.

me van rozando e eu mirar
os peixes aniñados
e os cabalos i os cabalos !
patinando xeo arriba
tobogáns de verde neve
praza abaixo.

ata perder
Valor
Amor: rompe a cláusula
A palabra
E nada
Pero xa
Me devoraba.

devoraba

Xela Arias

Derrubei de min...i tantos estanques quedísimos !
e quilos de cráteres aboiando
agora mares martes xirados
ata vir dicirche sen sorpresa
agora: sónasme
Fíos
fíos de mar polas ventás
tódalas caras
e unha - só unha - túa
atravesada.

HOXE ESTOUME ABANDONANDO de ti amor
estou fóra nas figueiras cangadas e as augas das nubes
pero non fun eu quen elixiu partir
unha nave extraña que me roubou a túa man
succionoume a decisión.

i como parten meu amor os ramallos no río baixaban
escaleiras de preguntas
como a túa boca a miña boca se abrasan
atordoando esta distancia que buscamos
aínda non aínda non podemos - arder
como febles garabullos nos incendios
das selvas as casas do mar como somos
dous cabalos catro peixes e un longuíssimo amieiro
tecendo debuxos polo vento movido
esas follas
o zume destas venas
é sangue de animal asasinado!.

i como parten meu amor os paxaros cara lonxe !
tal vez anduriñas nos tellados pousen hoxe
a palabra que non digo pero i como cravaron
os veleiros arrastrados fuxindo a treboada
como cravaron os nosos movementos
secos - dun golpe - contra ás paredes !
¿ deserción móbil ? meu amor pois que te amo.



Xavier R. Baixeras

Nado en Tarragona no ano 1945. Profesor de Literatura do Instituto "Daniel Castelao" do Calvario. A sua obra: "La Ciu-

dad sumergida", Alamo, Salamanca, "Fentos no Mar" en Edicións do Castro.

NOS PATIOS, NOS HANGARES, e sempre esos cabelos
aparecen, dexesan crecer, vivir espesos.

Xa soben negros, voan, e nunca estarán presos
na mao, para ningún han de ser como novelos.

Na rua vacilante, por cantinas: perdé-les
p'ra que nunca terminen. Eles voen sorprendidos
polos ventos nocturnos, por lóstregos; acesos
nas descontinuas luces, ardan nos cabedelos.


Serán dalgun Verao cando a tardiña acaba
enguedellada en fume, serán deses navios
fatigados da viaxe, da carne moribunda.

Desexei-nos, ámei-nos, esquecin-nos. Andava
na casa o seu proído de estames erradios:
por unha fiestra foron para a noite fecunda.

OS CARROS PASAN LONGOS sobre os mares de fume,
carregan corpos brancos, exánimes, nas algas,
cadáveres que parten para povoar as salgas
nos alfolins, e as veigas, como amargoso estrume.

Os carros na memoria marchan lentos e nada
acusa aos asasinados. A terra sen perfume,
garnida de ollos ocos, contempla, derrotada,
colleitas que esmagaron as botas de betume.

O día non aguenta nos carros dos vencidos
tanto fondo mariño nen tanto crime do alto
e sen vingar. A noite extingue os seus xemidos
de carros fatigados e fere con cobalto
os rostros dos herdeiros e pon nos seus ouvidos,
para esqueceren, risos, a voz do sobresalto.



Dario X. Cabana

Naceu en Róas, na Terra Chá, en 1952. Poeta de forte personalidade dende moi novo. De entre os seus libros publicados el mesmo gosta de salientar o **Roman-**

ceiro da Terra Chá e mais **Abrelle a porta ó día**. Outros títulos os seus son **Verbas a un irmao** e **Home e terra**. Varios cantantes puxeron música ós seus versos.

Puidera ser que un día de regreso
se vestira Saor de alegre outono
pra verme retornar, cheo de sono,
dormir cabo dos meus, á terra preso.

Puidera ser que un día de ouro aceso
cantaran os carballos con voz suave
pró seu irmán que volve, vello e grave,
cangado cun amargo e duro peso.

Duro peso dos anos e os fracasos,
dos lugares e as cousas non amadas
que o tempo foi volvendo en amargor,

e unha pequena luz nos ollos lasos
que gozaban nas cousas estimadas
peron sempre miraron a Saor.

A FAISCA, QUE A TROUXEN DE PEQUENA PRA CASA DE MEUS PAIS

Dona da beiramar, miña Faísca
que devanas agora por Saor,
o tempo foi pasando e xa se albisca
un outono paciente no solpor.

Dona da beiramar, lapia odalisca
que viñeches comigo pró meu lar,
o tempo é coma un páxaro que lisca
cando tu xa coidabas de o pillar.

Dona da beiramar, e nos carballos
pousan as arañeiras e os orballos
que vai tecendo o tempo soñador,

e tu xa vas volvéndote velliña,
dona da beiramar, cadela miña
que viñeches de Vigo pra Saor.



Miguelanxo Fernan-Vello

Poeta en grande parte inédito. Recollemos aquí algúns fragmentos, escolmados polo propio autor, do seu libro *A séptima cidade*. "Porción de desamor non esenta de

"barileza literaria" que adico a Marilis Veloso por aquilo de que nunca a vin, endexamais voltei de prisión de Tetuán e outras cousas".

UN VERDE ILIMITADO COINTILA DE VIGOR

sob o ar suspenso dos campos, na altura da mañá
que vixila unha luz expectante desde o perfil dos montes
Xaz, aquí na planura sen pausa de deslizante cor,
un térreo e vivo silencio orixinal.

Todo vibra no volume das árbores, nas liñas irisadas
que marcan o camiño do soleado espazo.

Oh sopro pulsante da espesura, dútil lámina
serena deste eco indecível.

Embriaga-se esta respiración da terra,
a chama que penetra o matinal sentido das seivas,
o pólen pubescente sonámbulo de aromas,
as raíces que tensan o incéndio dos frutos.

Xas aquí, desde a levitación recura da fráxil claridade
sobre os lonxínquos montes - masas triunfantes
de milenário soño sobre a chaira dormente -
un sosegado espírito de beleza que alvíaa
o corazón, o tempo.

MEDITAR ESTE RITMO QUE SE INSOREVE no tempo estes
versos que soan
sobre o branco das cousas onde o amor foi música de
palabras amadas
e nos días dos corpos onde todo era puro como o lume na
noite
con esa claridade invisível dos nomes apenas voz delgada
no lábio
que queima duro e fondo o interior da lembranza
ai que agudo o sonido desa humidade lenta na cinza e
no recordo
o corazón ardido sobre o tremente sangue desmaiado na alva
que renasce no eco das palabras soñadas meditar esta voz no
sentido do ar
na saúde dos días que respiran mais altos no silencio que eleva
un luminoso signo extasiado e profundo unha música cheia de
asas transparentes
meditar este acorde que inaugura outra hora outro século
intenso
desde o amor presente para o canto futuro que transfigure
a esencia
desta luz que se anuncia oh que amor se avivece
foxe o tempo esquecido como unha lua breve
sentir a terra agora é sentir o camiño do corazón ao mundo



Xosé Devesa

-DOUS POEMAS DE AUGA-

FIOS DE AUGA NO VIDRO

Para Rosa Maria Fernández

Sobre a página translúcida
que o vidro da janela é
as pinguinhas vão escrevendo
a sua cativa história.

Fazendo a sua vida
-ou mesmo a sua morte.

Rompen com energia
viçosas, ceibam-se dalgum
fio maior horizontal
-netas da chuva temperá
que o outono estreou-
e vão deitando uma linha
recta, quebrada a troços
-segundo o movimento do trem ou dos obstáculos-
senlheiras ou solidárias
com outras para lhes darem novo pulo
até chegarem estas e aquelas
a um ponto neutro-a meta inesperada-
logo de breve e rápido esbarar
no que ficam de súbito
a aguardar o bris
manhanceiro.

que as beba
as raga ar
- e volta a comezar
elas ou outras
a sua eternidade ventureira.

RIO DEZA EM CARBOEIRO

Para Joaquim Villar Calvo

Naquel recanto o rio
cantava
nos seus cantos:

Asi a minha vida:
canta quando hai
uns cantos
que lhe pôm
a prosa
no mar polo que anda
rio
mar
que mais tem
a auga é
a que manda.

A Corunha/85.



María Díaz Vidal

ESCORZO DE ANACOS

Desdibúxaste na noite
igual que un lumiar sereo.

As veces atopo a ialma
esfarelada e desfeita
pingando fiaños de neve,
faragullas de xeadas
ó redor do meu sentir.

As veces, sinto no peito
un valeiro de dozura,
unha oquedade que deixa
ingrávida e sin materia
a densidade do corpo

As veces, vexo o Universo
rexo, de costas a mñ.

Como se as tebras do mundo
arrolaran meu cerebro
latexante de tristura.

Como se ninguén soubese
que son un, entre os irmáns.

Entón é cando o arrepño
céibame espida no vento
enremuiñándome en bruma
esnaquizándome en tempo
berrando na noite pecha
con fementes alaridos,
xelo enliñado nos beizos.

Desdibúxaste na noite
igual que un lumiar sereo.

Marzal 1985.



M. Forcadela

Naceu en Tomiño en 1958. Publicou en 1982 "Ferida Acústica de Río", premio Celso Emilio Ferreiro de poesía o ano denanterior. En 1977

gañou o premio Montesol. Colabora nas revistas "Dorna", "Nordés" e "Tinta China".

SUITE.

As árbores do outono suxiren-me o declínio
dos troncos de madeira divagando
como un peixe moribundo no vaiven dos torrentes.

E acaso a estirpe que albergaron no cerna
da sua carne material de húmida seiva
ilumine o seu devalo necrolóxico
cara un porto rio abaixo, cheo de cinzas,
cara a eterna colleita da morte.


O seu ocaso é tan brutal
como a luz que fenece por tras do horizonte
e aínda erguidos xunto ás praias
nos camiños agrestes, nas ruas...
son o eixo arruinado dun carro xa inmóvel,
o mastro no que boian as bandeiras do declive.

FABULA.

No declínio da tarde pisei unha pedra entre as ervas.
Camiñava cara o ocaso co cabelo derrubado sobre a fronte
e unha flor entreposta no meio das barbas.

Non detín o meu camiño para ollá-la
nen ousei derrubar o meu corpo silente
para abrir-lle tal cálice a palma das mans.

Así, deslumbrados polo incéndio de ocasos de ouro
muitas veces prolongamos a viaxe
na procura da antiga esmeralda
sen pensarmos que acaso entre os dedos dun pé
pudo estar un instante a que agora
é o desvelo e o soño, a paixón e a tristeza.



Marqarita Ledo Andion

Luguesa. Estudou Filosofía e Letras en Santiago e periodismo en Barcelona. Foi directora na primeira etapa da "Nosa Terra". Escribe tamén poesía dende o ano 1970, que apareceu *Parolar cun eu, cun intre, cun insecto*. En 1973 publicou *O*

Corvo érguese cedo. Anteriormente escribira *Un pouco de leite callado*, que non chegou saír por razóns de censura. Nos últimos tempos tense salientado tamén como unha das nosas mellores narradoras

A SANTIÑA, TOMESE-BEBIDO-VARIAS VECES AO DIA

Deixaron os capotes en vango
 vese que teñen presa
 vese que teñen moita presa
o corpo está quente aínda
aínda move os brazos, o pescozo, a calúga
sepáranlle as pernas
o cabelo recollido nunha occa
e os bigudís
penachos de diante
pra que cala como en onda,
como naturais
núa de todo
coa boca fai unha carantoña obscena
que respira fiuncho do ar
ou é que ven da mesiña de noite.

Servira
 en copa de talla
até o ras
o licor seu
co que se envelenou
 parés que quixeron decir os homes do capote en vango.

Uliron
ulirona toda
xema no auga mesto da copa.

que proba o héroe
e que fai desaparecer no orinal quente aínda
coma se nada fora enfriar no cuarto.

Ollaron en redor, acougando,
A lámpara.

Unha colcha branca para a muda.

A disposición dos libros

-fora con isas dúas ducias de impresentabeis.

-Vistaa

dixo o pequeneiro, o do bigode.

-Ah!

e cuidadiño con abrir a boca

dixo o magro, traslúcio coma si fora dos nervos

-Chitób

A santiña chupábase con anís (*)

-Coitada dona Rosalía

Anís La Castellana, Anís del Mono, Anís Las Cadenas,

Anís Real Tesoro, Anís Marie Brizart

MARGARITA LEDO ANDION

Barcelona, maio do 85.



Anxeles Pena

BOCA A BOCA BEBIMOS TODA A FORZA DA TERRA

alentamos os rios mais caudosos
e os cumios coroados de boscos
nas nosas veas tebedas esbararon marmurios
mainamente rolamos

por prumas e algodons
 a um non-tempo gozoso
 onde a alba do mundo tenra e tímida se abre
 coma carne de neno
 e rolamos

rolamos
ate o fondo do pozo
onde as sombras son luces e xermolan os soles
Mais un tigre no lonxe
feriu fugace a noite das candidas entregas
agoiro misterioso a súa xiada lanza fende o soño tranquilo

Dous nardos tremelantes
as nosas carnes buscanse para a aperta salvaxe
i estalan en Luceiros de dolor en salaios
que embranquecen a noite de pétalos tristísimos

Amor,morte,pombiña que no fio te arrolas
dos sinistros abreintes aos inquedos abismos
presta ao vóo que terá de rebelare
albo prumon lixado de roxas mapoulas
xa son para o teu seo dende enton
xa sin volta camiño as tuas acedas raías
por longas avenidas onde espectros semellan
a imaxen do amor no que busco afondirme
entre un bosco de brazos que teimosos me apreixan
a que non son teus brazos de lixeiro Mercurio
ceibes membros que me ergan ata as altas estrelas
amante fuxidio.Xa,son para tua morte
Xa son para ese rio de fragas imparabres
verde oubeo que xira nas estelares noites
con lucencia de xofre,fogo fatuo xemente

Un caudoso reborde de sonhos precipitan
os ultimos relumes sob un limem ardente
onde amebas famentas onde os polbos mais duros
avidamente zugan a letal luz que espallo
e outro ser outras ondas verticais
dos mofendos solpores para mortais albas.



Alfonso Pexegueiro

Deuse a coñocer como poeta no ano 1976, cando publicou *Seraogña*. Premio da Crítica-Galicia. Vencellado inicialmente ó grupo Rompente axiña busca camiños pro-

pios: *Mar e Naufraxio* (1978) e *Circos de augua* (1979) Como narrador publicou *Relatos para salferir*.

Loucos, amor, o amor fíxose frío no leito
e xiáronse os pes na trampa;
arredor puxeron pipas de viño pra o borracho,
pero o borracho, meu amor, esa tarde
subíu tamén e eran oitenta
e chegaron hastra mil i eran tantos, meu amor, que o borracho
dixo pra sñ:
"hoxe venceremos ó nemigo, e nas súas bodegas domarémo-la
lúa"

Quizáis o tempo escurece nas rúas,
E ninguén nos descubre.

Seguimos camiñando, choramos,
E ninguén nos descubre.


O outono trerá queixas ás nosas mans,
E nós faremos
Que ninguén nos descubra.

Con estes ácidos racho a lénda escrita non falada
e despídome

-tñ saberalo co tempo-
fixirei ou achegarse ás simas ceibes da linguaxe bébedo
no seu centro con viñas de outono
rirei forte vendo un mar estúpido que me cuspe leite de
muller
muller violada

Alí agardaréi quince noites hasta ser estrela de segmentos,
hasta

loitar coa lúa e derrotala
hastra queimarme e ser cinza duna arte enfebrecida nova.



LIÑA DE SOMBRA

Mai, ti sabes que é un loitador,
non o fagas volver sobre os seus pasos.
Desde Bilbo a Brest chegaron cartas,
e de Hamburgo, Berlin e de Viena.

Dormía nas estacións
e aseabase nos museus,
nos esnaquizados espellos dos museus.

Vírono meus amigos cruzar Europa.
Pasear algo pálido.
Podíase pasear e morrer sobre os ríos.
Mai, sabes que é un loitador.
Volverá. Volverá vello.
Como quen ten 30 anos.

Manuel Rivas.

Manuel Rivas

Poeta e xornalista coruñés, pertencente ás mais novas xeneracións de periodistas e poetas. Participou na revista "Teima", e "Man Comun". Brillante articulista en diversos xornais galegos. Actualmente é xefe de prensa no Concello da Coruña. En 1980

publicou *Libro de Antroido* e foi promotor de numerosas manifestacións poéticas de vangardía. Xunto con X.L. Taibo publicou *Os partidos políticos na Galiza* e con X.A. Gacío, *O estatuto galego. Historia dunha frustración*.

E	N	E	N
		3 + 4	0 + 2
		7 + 2	2 + 6
		9 + 1	8 + 2
		10 - 3	10 + 4
		13 + 6	14 + 1
		19 + 2	15 + 4
		(21)	

Víña pequerrecha
e maxineira preñada de lúa
(Ao tempo un iceberg de formigón
pairaba en col da Feira Vella e nós
no noso desvarío queríamos derretelo e cos
mangos da gadañas e as machadas asesinas
faciamos fogueiras.
O ambito era quente e como si estuvésemos
nun cine destellado o triscar dos virasoles
rebotaba nas estrelas encolleitas de frio).

De súpeto foi ela quen tirou do ffo
pra que debalase a lúa
e preñámonos de amor os arbores ela e nós.
Despois botou no lume un poema carregado
de esperanza e sen dicir de quen era
aloxouse pola brea.

Pro a esperanza voltouse néboa e non ardeu
o poema:

"Rape, rapiña, rapaciña

¿Rapariguiña?

Chinchón no que xogan sete cartas
sete cartas que nunca chegan ao destino
descoñecido ao que dígolle quedo
dasme lume, ie alumea no ar un berro noxento!
Brisca sen medios nen puntas
sen que importe que nacera Heraclio
que naceu e puxéronlle Fournier despois do nome.
U el non sabe que xogan co seu nome ao monte en
Gargamala no monte das deixadas xa de parir
esas canteiras

coma se abrira as pernas a terra
e saíran soio pedras :
pedras e pedras e pedras
e pedras pra os chisqueiros
dos curas e dos bispos e das vispas
que estan arredor das vespras nas
rosquiñas de Ponteareas.

Ponteareas e un fermoso pasodoble
doble ou triple ou tripleseco
ou aguardente que tampouco podo quimar
pra espantar a tuberculose que me ten
arrodeado e cheo de noxo

... e sede"

Doeme o silencio da Ría
sen o tambor do home.

Abrega o sol nas fontes,
de rego en regodelo brinca a lus
e rola a montaña de infancia e herbe brava.

Mas doeme o silencio da Ría
sen o tambor do home.


Entre cima e ceo vai a aguia,
o ronsel dunha nave irredenta:
non hai perda no inmenso.
Mas doeme o silencio da Ría
sen o tambor do home.

Penso no norde, sen cazador
nen lei que protexa a morte.
Penso nas vidas que non fun e que me agarden ao norde.
Mas doeme o silencio da Ría
sen o tambor do home.

Feliz, felices tempos!
Eu sei onde atopa-los.
Ninguén bailará sobre as cinzas dos tempos felices.
Mas doeme o silencio da Ría
sen o tambor do home.

Sen o tambor do home,
sen a lenda tecida a carón do lume,
sen o alento garimoso da tribo,

sen o deus dos pequenos que canta contra o escuro,
sen o mal, sen bondade,
doeme o silencio da Ría
sen o tambor do home.



Antonio Santamarinh Delgado

Agabeo a aba do Pindo
por se o tronçom de pedernal
fendeu o céu
e vejo o mar camaleom lisgairo
amiudando a areeira de Carnota
onde un hórreo para as medras
nom se dá enchido
percorro os cúmios por se algures
sai algum laio dos penedos
ou bole um folgo de terremoto
mas todo é bucólico silêncio
ao carom vermelho de um sol que achou
o tovo
entre brincos e trasnadas morcegadas
saraiba de petoutos
ocaso de inúteis perfis e silhuetas
sem se atrever a me aturar o pánico
da noite que adevinho
amamentada no Nubeiro tépedo
e nom se ouve o berro de Terra
soterrada entre os rochedos
frios
impertérritos
coorte de um coloso monifate
aceno napoleónico
mentres os corvos
fám-lhe ninho nas orelhas.

Era-se Tempo por entom
tempo sem cartografias
despois harmónico
ordenamento
semeou Cosmos de cronómetros
e Galiza,

Galiza de montanhas penetradas
por Oceano
arriada em magreb de Europa
naufregou nas coordenadas
a Cruceiro do Sul chamou-no Norte
Finis Terrae foi início de caminho
Sol repolido por banho salgado
cambiou pijama por gravata
em diante ocidente, foi oriente
Pampa fértil mirage de Pátria

Pátria mesma em lauda de Tempo
ilusom utópica em retinas
cansas de perfurarem trevas
de acharem menos Galiza
e foi entom que pálpitos de Orçam
ecoados em alcantilados de Loberia
trasfundirom-me Buenos Aires
fotossíntese em carvalhedos de morrinha
seiva roxa de solpores horizontais
cada manhã erguidos em horizontal longe
agora berce.



Henrique Manuel Rabunhal Corgo

(Pastorica, A Coruña, 1962) é, na actualidade, estudante de Filologia galego-portuguesa, membro do colectivo sócio-poético A QUENTE ILHA DE NINGURES, membro de Comissom Lingüística de

Associaçom Galega de Lingua, da Associaçom de Escritores em Lingua Galega, do Seminário de Sociolinguistas "IRUINE-AN SORTUAA". É autor de diversas publicaciõs.

Sin signos
Sin idioma
Sin final
Tal cual a ti
en ti
nada te cambia
Lo anterior a tu voz,
eso es el mundo
Jaime Siles

Vai frio.


CADA SEXTA FEIRA E UNHA TENUE ALGIBEIRA
onde guardar as horas mais breves de amor.

Quase é inútil renascer em Nevers.

Como suportar-se nesta despovoada Quintana
neste aquário que a pedra governa
sem fincar o joelho estremecidos
ante a grandeza que a história e as horas despregam?.

Como non reclamar o verso e a cítara,
a seiva inédita da dignidade usurpada,
o imenso corpo de Béjar a fecundá-lo todo
com surda e atordoante exuberância?.

ENRIQUE MANUEL RABUNHAL CORGO



A. R. Reixa

ASI-EN XERAL-

se cadra a cara das vacas é
unha triteSa mamífera de expresión románica
isto é
unha tristeSa románica de expresión mamífera
isto é
un mamífero románico de expresión tristeSa
(pero)
o mellor que teñen as vacas é que non son nin electores
nin consumidores
nin contribuentes e nin-diola
por iso son sagradas aínda que teñen o vicio da zoofilia
porque sempre o fan
-iso-
con outros animais e a ninguen se lle ocorre pensar
que unha vaca
poda ser lesbiana
(pero)
pero igual teñen asuntos así
entre si
as vacas son sagradas
e a unha vaca nunca se lle fan tests psicotécnicos porque
nunca ten
que ir quita-lo carné de conducir camións nin pedir un
choio
-por iso-
un tal pavlov preferiu os cans para os seus experimentos
-por iso-
nunca se di "coma as vacas de pavlov"
tamén hai curiosos xogos de palabras noutras falas din
cow boy para
pastor montado-armado de vacas e cow é vaca e boy
en galego soa boi
entón poderíase dicir o vaca boi con predominio do
elemento cornudo
un vaca boi pode ser coma un minotauro do mesmo
xeito pasa co de boy scout
-eses da secta de "tódolos días un plátano"-entón habería
unha traducción
fonética de boiescau-pronuncia figurada-

SITUACION HINDU -informe politico-

nun sitio que sei eu
as vacas son sagradas
(pero)

sempre hai unha minoria sij (con ou sen) pelo en peito
(con ou sen)
turbante que "toman a chiquita no mostrador" e fan un
extraño oubeo
ó aturuxarmos -tipo texas- nun sitio que sei eu de basta
salferida

isto é
as vacas
merecen un respecto
noutros sitios asocian a tristeSa ó elefante "con tristeSa de
élefante"
e tamen á cefalea "un dor de cabeza de elefante" e tamén
fálase das bágoas en ralación ós cocodrilos
(pero)
non se di "choraba cocodrilo" e mailo despedida seica ten
que ver
co caimán (normalmente isto ocorre en sitios onde predomi-
nan e estes animais senón outros que chaman
domésticos
e debe ser por cousa do cinematógrafo e/ou as enciclopedias
a propósito das vacas
e máis probable é que as vacas sexan daltónicas
isto é
vénse a si mesmas verdes
(pero)
a cara das vacas é xenerosa -fixate- a cara das vacas é
xenerosa
e na parte superior da cabeza teñen dous cornos e non por
iso hai que dicir:
unha vaca de aspecto viquingo
ou mellor
o rictus viquingo das vacas

"boi es vaca"que queda moi bíblico así:

"sandiós foi onda o boi e cunha man en cadanseu corno
(dobboi)dixo:

boi (ti) es vaca"

o caso é

nun sitio que seieu-bosta salferida-

as vacas son sagradas

(pero)



Rivadulla "Corcon"

Tendido estou no chao,
cegado polos raios de impúdico sol,
te agachas lentamente frente a min,
co movimento a saiva vai-se retirando,
van aparecendo as tuas coxas brancas,
un raio de sol penetra e alumea o teu púbis,
aínda na morte desexo o teu corpo,
no delírio pergunto-me qué falta
de cavaleirosidade é esta de morrer
cando me observan ollos tan fermosos.

Aí estás tremando de frío ao meu lado
por esta chuíva que comeza a bendacir-nos,
estás empapada,
Nastássia Kĩnski non me deixes morrer!
deitas-te lentamente sobre min,
estamos acoplados e a luz desaparece,
o sol xa non existe,
nesta noite eu resucito
a recorro palmo con palmo,
e declaro-me namorado da luz pálida da escuridade,
do vagar entre ruas valeiras,
cavaleiro namorado na noite sen cavalo
de novo me declaro
e a ti también te amo,
Nastássia Kĩnski porque ti es a noite.



Xulio Valcarcel

Naceu en Lugo no ano 1953. Estudou a carreira de dereito en Santiago i exerce na Coruña, onde reside dende hai perto tres anos e onde desenrola a loita pola nosa Cultura a traveso da Agrupación Cultural "O Facho".

Esencialmente poeta, anque teña mentes de achegarse nun futuro próximo á narrativa, ten publicados, "Cravo Fondo", (Col-

ect). "Vispera do Dia", "Alba de Auga Sonánbula", participando este ano na antoloxia de Amor e Desamor, nos seus dous volumes.

Posuidor de varios premios, a súa obra ésta recollida en varias escolmas.

Colabora, de xeito esporádico, en diversos xornais e revistas.

Actualmente prepara dous libros de poemas

MIRO NOS TEUS OLLOS

Miro nos teus ollos a vida
que dende o fondo me chama.
Exíñeme. Reclámame.

Busqueime na grave soedade das estadóns,
nos tristes invernos,
na ollada dos meniños,
e pensei atoparme, ao fin,
na paixón arrebatada que che sube polo centro
cara á vida

Denantes que chova sobre ti
a cinza do tempo
e sexan dúas mortas volvoretas
os teus peitos.

Hoxe os corpos, adormecidos, ámanse sin fin.

Por todas partes un vento ledó vai derrubando estatuas!

NO FONDO DO ESPELLO

Guindaste ao valeiro, entras en tí
hai unha longa caída, un vértigo
un decorrer por escuros pasadizos
lagoas interiores, mares de olvido;
auga ou ánima preguntan
florece araucarias pensativas
augas letaispor onde pasas
neno co pan da guerra na mirada.

Guindaste ao valeiro, sucede o vértigo
descúbreste nunha dimensión desconocida,
interrogas promesas de salvación
firmes madeiras que te aten outra vez.

Ves unha casa vella, besbexan
parolas de fuxidos no sono inqueda,
berro que raxa pano de seda mortuoria
que vos cubre.

Veñen de tan lonxe chegan misteriosos
na lenta chuva das edades
conocen a lingoaxe da ternura os segredos
das carballeiras e das pombas
Fálanche da morte e non entendes
só queres dormir, fuxir, téis frío
Acóchaste en ti mesmo como un feto
Téis moito frío e só queres que pase o inverno.



CHEGAMOS do pampero e como as ondas
aquí abáten-se os nosos corpos, un encontra o outro.

Esube a água ata a cintura para deixar-nos en botellas
que se acochan co seu bocado de anís por entre os peixes.

Sábe-me a tua estátua, o edificio do teu corpo
que percorro coa présa do naufraxio.

A pouco pido ao sol que non se alonxe
e xa se fixo a noite coa sua firma de notário
para o silencio e para o ocaso, / interminábel /.

Vázquez Pintor

Naceu en Melide, en 1946. Profesor. Creador da "Escola Dramática Infantil e Xuvenil ANCORADOURO". Obra poética:

U"Gándaras" (1977), *Diálogos de amor e amigo* (1983), *Ofidios de diario* finalista do premio reconquista en 1982, (inérito)

LUCINE:OURO EN TI QUE ESTAS AMANDO
en niños de rulas e de chascos.

Ouro en tĩ

que te axigantas nas barreiras
e pasas en ledicia de por vida
as alfándegas do tempo.

Ouro en tĩ

tamén para as acacias do pazo
onde mora Comba, a doce namorada
dos cans e das raposas,
aquela serva de perfil cun aloumiño
que repite a pulga familiar de outrora
e fai a prole múltiple, ditosa e sabatina.

Ouro para todos

os poetas de intraterra polo seu edén de barro
e pola nómina que sempre agardan das estrelas.



Victor Vaqueiro

Naceu en Vigo, en 1948. Profesor. En 1979 obtén unha mención especial dos premios da Crítica-Galicia polo seu primeiro libro

de poesía: *Lideiras de gavilla e Camiño de Antioquia* (Premio Esquio).

Desde as terras dos homes dos algarves ascendia o
carreiro vagariño. A paisaxe era erma e ia-se abrindo paso
como conqueridores en selvas tropicais,
entre árias longuísimas, arrodeada de arrepio, de tebras
e silencio. Os testigos posibles mudaron estadeas.
Inda ninxia morna no calcañal a lembranza
da áspide, mais o amor estouraba no noitébrago, deseñando
un perfil imaterial até o lonxano ponto luminoso.
Despois chegou a ollada, o proxecto de aperta e somentes
un fume velaiño enleado nos brazos e no peito.
E un revoar de beixos e adeus petrificado.

CATALUNYA

J. M. Sala Valldaura

POEMA MEDITERRANI

Els gavinots no mouen pas les aigües,
són punts només

- en el mirall profund
del cant humit que, molsa i marbre,
els déus contemplen.

En el cel, núvols blancs,
i a l'estany obac,

núvols grisos
com llavis en el rostre, fidel i moll,
de palmeres i xiprers.

Raó i dibuix,


els xiprers no ballen en el llac
sinó amb peus severs,
són agulles,

monjos abrigats del silenci més madur.
Plaer i folia,

les palmeres alcen fe i desordre,
grenya al vent

i barbes d'iman alegre.

L'estany multiplica així les ombres
i suma ara països i costums.



Josep Piera

PLENILUNI A SÛNION

Sobre els marbres romputs del temple altíssim,
sol en la nit, columna viva dalt del rocam tot erm,
desig de bronze-mar aquest llunàtic clam, escoltes
com el vent de l'estiu moridor, turcás que nia a les cingleres,
despulla profecies d'antics genets alats caient dins el vidreno.

Senyor de l'horitzó, l'àmplia mirada encesa vers l'immens,
ja que permets als estels d'acariciar-te l'esquena oliosa,
accepta del cantor la sola sang salada del seu goig:
blanc sobre el blanc, gotes de llum, ritme de poltre, argent.

Damunt el llom marí, naixent entre el foscam, un punt:
maragda que respon les íntimes fondàries del poeta.
Ara, sacerdot oficiant i anyell al sacrifici, coltell en alt, la
veu.

A una banda les fèrtils filles de l'Egeu.

A l'altra, l'intens espill de somnis on la lluna es pentina.

Posidó que sorolles la terra, posseïdor del trident, posseix-me
paraula.

BRASIL

IGREJA EM OURENSE

A pedra ofusca
almas em pecado
e os sinos tangem

O livro das horas
passa suas folhas,
entre céu e inferno
já não há escolha

Condenado ou salvo
a infancia perdeu
em ser conciente
seu último véu.


SILENCIO DE OURENSE

No silêncio de ouro
filigranas de prata;
o azul se esconde, longe,
em velas de fragata.

Todas as esperanças
e todas as saudades
são um vazio verde.
Montes. Eternidades.

Mineral e extática
a voz na pedra cala
uma vida em segredo.
Só o silêncio fala.

ANGOLA



AMOR DE CLASSE

O nosso amor de chita de fioco ou debruado
nunca desdita fiasco ou aos bocados
deeita-se cedo por ditado
para cumprir o suicídio nos patronários.

O nosso amor não se compra a retalho
não se troca por descrédito
não se vende na sucata
nem se trespassa de classe

O nosso amor incendiário explosivo à mão am
beija-se na boca de artifício
grava no pescoço girândolas de dedos
e cheira a mangericalho

O nosso amor é de classe.

POEMA DA ALIENACAO

Nao é este ainda o meu poema
o poema da minha alma e do meu sangue
não
Eu ainda nao sei nem posso escrever o meu poema
o grande poema que sinto já circular em min

O meu poema anda sor ai vadio
no mato ou na cidade
na voz do vento
no marulhar do mar
no Gesto e no Ser

O meu poema anda por ai fora
envolto em panos garridos
vendendo-se
vendendo

"malimonje malimonjéé"

O meu poema corre as ruas
com um quibalo podre á cabeça
oferecendo-se
oferecendo

"carapau sardinha matona
jiferrera jiferréréé..."

O meu poema calcurreia ruas
"olha a probinxia" "diáário"
e nunhum jornal traz ainda
o meu poema

O meu poema entra nos cafés
"amanhã anda a roda amanhã anda a roda"
e a roda do meu poema
gira que gira
volta que volta
nunca muda

"amanhã anda a roda
amanhã anda a roda"

Antonio Jacinto
(do libro "Poemas")

O meu poema vem do Musseque
ao sábado traz a roupa
à segunda leva a roupa
ao sábado entrega a roupa e entrega-se
à segunda entrega-se e leva a roupa

O meu poema está na aflição
da filha da lavadeira
esquiva
no quarto fechado
do patrão nuinho a passear
a fazer apetite a querer violar

O meu poema é quitata .
no Musseque à porta caída duma cubata
"remexe remexe
paga dinheiro
vem dormir connigo"

O meu poema joga a bola despreocupado
no grupo onde todo o mundo é criado
e grita
"obeçaite golo golo"

O meu poema vai nas cordas
encontrou sipaio
tinha imposto, o patrao
esqueceu assinar o cartao
vai nas estrada
cabelo cortado
"cabeça rapada
galinha assada
ó Zé"

picareta que pesa
chicote que canta

O meu poema anda na praça trabalha na cozinha
vai à oficina
enche a taberna e a cadeia
é pobre roto e sujo
vive na noite da ignorancia
o meu poema nada sabe de si
nem sabe pedir

O meu poema é contratado
anda nos cafezais a trabalhar
o contrato é um fardo
que custa a carregar

"monangambééé"

O meu poema anda descalço na rua

O meu poema carrega sacos no porto
enche porões
esvazia porões
e arranja força cantando

"tué tué tué trr
arrimbuiem puim puim"

O meu poema foi feito para se dar
para se entregar
sem nada exigir

Mas o meu poema não é fatalista
o meu poema é um poema que já quer
e já sabe
o meu poema sou eu-branco
montado em mim-preto
a cavalgar pela vida.

CABO VERDE

ANTI-EVASÃO

Pedirei
Suplicarei
Chorarei

*Ao camarada poeta
João Vário*

Não vou para Pasárgada

Atirar-me-ai ao chão
e prenderei nas mãos convulsas
ervas e pedras de sangue

Não vou para Pasárgada

Gritarei
Berrarei
Matarei

Não vou para Pasárgada

(Caminhada, 1962)

TEMPO CABO-VERDIANO

Tempo cabo-verdiano
Tempo de bloqueio
(houve outro?)
Voz de prisão
Prisão na voz
(pois que esperavas?)
Tempo cabo-verdiano
de não morrer
de abrir a boca
mas não gritar
de se entupir
de raiva
De explodir
em raiva
Tempo cabo-verdiano

*(Gritarei berrarei matarei — Não vou
para Pasárgada, s/d (1973))*

MOZAMBIQUE

O mundo que te ofereço, amiga

O mundo que te ofereço, amiga,
tem a beleza de um sonho construído

Aqui os homens são crentes —
nao em deuses e outras coisas sem sentido
mas em verdades puras e revolucionárias,
tao belas e tão universais,
que eles aceitam
morrer
para que elas vivam.

Jorge Rebelo _____

É esta crença são estas verdades
que tenho
para te ofertar.

Aqui a ternura não nasce
nas alcovas.
É uma ternura rude, violenta, amarga
nascida na dureza áspera da luta
em caminhadas longas
em dias de espera

É ternura rude e amarga
que tenho
para te ofertar
na previsão da fome.

É esta ausência de rosas,
este esforço, esta fome
que tenho
para te ofertar.

Aqui as crianças não envelhecem,
o seu riso é eterno,
brincam com o sol, com o vento,
com a chuva e os gafanhotos,
com espingardas verdadeiras,
com pedaços de granadas.

É este riso eterno de criança, este sol,
estas espingardas verdadeiras
(com as quais também brinquei)
que eu tenho
para te ofertar.

O mundo em que combato
tem a beleza de um sonho construído.

É este combate, amiga, este sonho
que tenho
para te ofertar.

Pintores

ALTERNATIVAS 80. Artistas galegos na fronteira...

Poucos dudan xa que a cultura da crise define o horizonte que estamos a vivir, un panorama que tería as súas raíces nas debacles económicas -o preludio foron as debacles ideolóxicas do 68- que siguiron ó 73. Era a primeira fronteira para defini-la crise de valores do linealismo da modernidade, un mundo de respostas dadas, máis partidario de Apolo que de Dionisos, que aparecía refrendado polo progresismo, pola idea da evolución e a utopía da “revolución”. Máis aló da fronteira xurdían novas respostas a “crise”, unha pretendida condición postmoderna que xa non creía na “ilusión” do progreso, senon máis ben na omnipresencia da duda, que nos sumerxia na ambigüedade, clarexando -¡con certeza!- que os valores xa eran outros e a moral, sen dúbida, debía ser diferente. A liberdade sen límites-fronteiras-e a ruptura da moral herdada foron pautas para botar man, ante a duda, da identidade -¡perdida!-, recuperando os campos de acción do propio terreno antropolóxico, ou se se quer, só quedaba unha resposta a incertidume do proxecto e do futuro: mirar os parámetros que nos definiron con lucidez noutras épocas-ó pasado-, revitalizar, sen nostalxia e de maneira proteica, as raíces (bastión de toda-las identidades) e catapultar a duda que recorrea o presente, para asegurar así un novo horizonte. Eran os anos oitenta. A arte vía renacer os valores tradicionais, a pintura-pintura, a escultura-escultura, o retorno á imaxe signo, á figura, ó obxecto, á coexistencia, sen prexuícios, de múltiples linguaxes... Era o retorno a vella Europa, nai da tradición.

E Galicia, no NO atlántico, como parte do vello continente, incorporouse tamén os novos paradigmas. Un grupo de xóvenes artistas tomaron a bandeira do relevo que deixaran nos anos trinta -desde a Guerra ata os 80 Galicia foi un deserto plástico, sen proxecto- os Maside, Colmeiro, Souto, Torres, Laxeiro..., e, desde a tradición e a antropoloxía que nos definen demiúrgicamente, o romántico, os canteiros e o seu mundo primitivo lembranzas creativas, bucearon na liberdade dos tempos e na definición da crise. Xurdía un colectivo: Atlántica-80, nun momento en que Europa e a arte renacían para definila nova década.

Hoxe aqueles componentes, moitos deles a pesar da súa xuventude, xa teñen-tiveron-un proxecto pictórico ou escultórico e experimentaron propostas. Hoxe son "case" clásicos novos na expresión atlántica que nos define plasticamente, aquela que soupo casa-la singularidade antropolóxica e os paradigmas dos eithies. ¿Qué pasa cos Patiño, Lamazares, Moldes, Ruibal, M. Lamas, Silverio, Basallo, Borrajo, Freixanes, Madise, Huete, Goyanes, etc.? Uns aseguraron a solidez do proxecto, outros están a facelo, pero námboles dous casos a bagaxe e coñecida.

Esa xeneración de Atlántica sirviu de espolón para reafirmar-las inquestionanzas, converti-lo contexto nun mundo de preguntas, facer latexar o nome de Galicia, recoñecer, ó fin, o proxecto... E hoxe Galicia ten entidade no contexto español. E a Galicia que latexa con Golpes Bajos ou Siniestro, cos A. Dominguez, Cortemans, Florentino, co novo video, coa nova fotografía, comic, ou simplemente coa liña atlántica dos seus naradores e poetas. E a Galicia dos oitenta, agora na fronteira da década, dicidindo o futuro. E o futuro poden ser tamén-aínda o son todo -los artistas da xeneración Atlántica- outros rapaces xóvenes, pintores e escultores que se presentan na fronteira do Miño, Salvaterra que mira a Portugal, a outra terra botada ó Atlántico, tratando de amosa-la vitalidade que ten a Galicia incorporada de cheo a súa época, aínda respetando, en moitos casos, o "ser diferenciado". Velaí os pintores que acuden desde a disparidade xeográfica marítimo -rural galego-

moitos destes na diáspora, máis alo da fronteira autonómica, coruñeses (Martinez de la Colina, Moreira, Mouzo, Tenreiro), lucenses (Lomarti, Calzada), pontevedreses (Seara), vigueses (T. Carbajo, Crego, Maño, Matamoro, L. Terré, Barros), tudenses (V. Aparicio) e vilagarcianos (X. Chaves). Menos dis- par nos escultores, parte dos cales centran o seu labor na pedra: De Ponteceso ven X. M. Castro, de Pontevedra Velasco, Tou- ceda e Quevedo, de Meaño Pazos, de Campolameiro Laura Rodríguez e fai tempo chegaba de Rio de Janeiro Xobaba.

Salvaterra, pobo fronterizo será pois o ecuador simbólico, no oitenta cinco, destes xóvenes artistas galegos que aspiran a abarza-la inmensidade da arte máis da fronteira.

X. Antón Castro Fdez.

1985

Xosé Lodeiro

A Xosé Lodeiro, autor nesta edición da Festa da Poesía do cartel anunciador, reservámoslle a pequena escolma crítica que se inclúe nas páxinas a seguir. De si mesmo, Lodeiro ten dito que é: "Enemigo do artista como artista é a sociedade utilitarista, adquisitiva, explotadora, na que calquera tendencia a facer algo únicamente polo seu valor transcendental resulta intolerabel".

"Lodeiro, coa súa intuición, ofrécenos o misterio da creación como un produto da luz. Pero o máis extraordinario é que o espazo fundíuse coa luz. Lodeiro entronca, deste xeito, coa tendencia a expresar os enigmas do existente en termos de luz radial. Técnicamente nos dá unha especie de estruturalismo lumiforme..."

Anxeles Penas

O pintor vigués Lodeiro é un home que, estando aínda agora nesa etapa vital que chamamos -sobre todo cando nos referimos a un creador- de madureza, tan acabado, hai tempo xa, unha linguaxe propia coa súa pintura. O seu mundo é tan persoal, que cando atopamos un cadro seu nestas idas e venidas polas Salas, Museus e casas dos amantes da Arte, recoñecemos deseguida o selo lodeirán.

Definín unha vez a arte de Lodeiro como neofiguración óptica. Neofiguración, porque atopaba nel esa actitude do figurativo que concibe a realidade á medida do seu soño ou desexo, distorsionándoa según lei imperativa que dicta a propia "lectura" que ún fai do mundo, dos homes, das cousas. Engadíí o termo "Óptico", por atopar a Lodeiro preocupado fundamentalmente por problemas de interrelación de espazo e luz. Eis que eu, enemigo dos encasillamentos e clichés artísticos -e coido que tamén o propio Lodeiro o será, dada a súa natureza paixonal-, me dei a definir a súa plástica. Hoxe creo que deixaría esa denominación de "neofiguración óptica" para unha certa etapa súa que coido está sendo desplazada, evolutivamente, por unha maior dimensión abstractizante dentro da obra. As obras que expuxo na mostra "Atlántica 80", en Baiona, últimas creacións que eu lle vin, así o parecen indicar.

Decía tamén, unha crítica de hai tempo, que Lodeiro é un pintor dos que non se pode dudar no que peta á autenticidade, porque toda a súa obra amosa unha lenta pero progresiva evolución ininterrompida de linguaxe. A súa evolución é clara. Hai unhas premisas das que se van decantando unhas consecuencias. Eis por qué precisamente ese selo inegábel que deixa Lodeiro nas súas creacións: porque chegou, xa moi cedo, á consecución dun estilo e dunha linguaxe que, dun xeito ou doutro, o expresan, o satisfacen, enchen o vaso da súa urxencia expresiva.

Unha das constantes expresivas deste mundo plástico é, sempre, a utilización das bandas de cor facendo transicións luminosas desde a maior vaguedade e delicadeza corística até o clímax da cor, o berro lumínico. Deste xeito é como se crea na súa obra unha sorte de escadas corísticas-musicais que van constelando a obra como unha sinfonía de cor e de formas. Outra constante da obra de Lodeiro é, como xa parcialmente onde se verque o máis vivo, expresionista e desbordado da paixón de Lodeiro, un home que, realizando unha pintura equilibrada, perfectamente estruturada, laboriosa, posúe sen embargo un temple expresionista e poético que ten de canalizar a traveso desa creación ininterrompida de novas estruturas no plano que a súa creación plástica, e na que a luz é un elemento clave.

E xa que aponte o matiz de Lodeiro quixera chamar a atención sobre o emprego dozo e delicado dos azúis, tan lambidiños, tan transparentes, tan claros, con ese sabor fondamente líquido, de agua, de ceu imposible, de mar... e que sirven de contrapunto inevitábel a esas outras obras na que a progresión na gama dos vermellos nos achega ó lume, á incandescencia, á enerxía, ó Sol... Coidaba eu hai tempo que había algo metafísico nestas formas misteriosas, tras das cales xurdía, ás veces, a silueta xeometrizable dunha vila ou unhas abas de outeiros acambados, máis agora penso que quizais detrás enerxía latexante, como un soplo, nas bandas, haxa unha certa simbología mítica, unha ascense no misterio da luz, das formas, da materia, unha concepción do espazo como unha terra recreábel, unha xeometrizable paisaxe a humanizar...

Creo que outra constante na obra de Lodeiro é un certo valeiro que nunca deserta o cadro. Non sei se ficará aclarado con estas palabras suas que teño a man: "Non quero proxectarme a min mesmo na miña obra; identificarme coa miña pintura é confundirme con ela..." O que si sei é que contemplando a súa obra sempre me invadiu o peso dunha soledade ontolóxica, total, como a que sinto ante a luz, como a que leo no plano impecábel dunha táboa, como a que me ven dunha certa angustia de espazo, como a do neno que despraza da súa paisaxe toda referencia humana, porque o home é unha extrañeza que se esvai como un ar na relaidade, na luz, no mundo, na súa propia e angustiosa soledade...

Xavier Seoane

LODEIRO, da vida a unha pintura enormemente orixinal, estrana tamén. No primeiro intre estades colocados diante da súa obra e atoparídevos alleos, distantes, pero eu dígovos: quedade ahí, de pé, deixade a ollada libre, mirade esas liñas, unha vez, outra vez e asistiredes entón a un fenómeno de acercamento que vos levará a esos terreos nús, a isas liñas xeométricas onde abrentes a solpores estalan nunha lus cósmica onde a min me parece que a soida fai anos que non durme.

Os paisaxes de Lodeiro crean un ambiente espacial virxen coma de Rocha recién formada. Minerales, oces de leno, laranxas, verdes esmeralda, terras por onde camiñamos coma perdidos, onde agardamos en calquer momento a cración do lume, do mar. E coma un proceso de inversión mental nun pintor galego, rodeado de pinos e de verde doce.

As figuras de Lodeiro o son estáticas, xordas, eu diría que asexantes. As veces non desempeñan no cadro senón un papel duns accidentes de volumen, a min me recordan as liñas do totem do fetiche cos seus frios ollos de abolorio. Lodeiro é un pintor comprometido e velahi estas xentes oscuras, agardando quizais unha hora que non chega.

As mans son enormes, os xestos, tristes, dunha terra que ao seu xeito nunca conoceron.

Xohana Torres

Lodeiro con una intuición, rayana en el genio, nos ofrece el misterio de la creación como un producto de la luz: la luz es la génesis virtual de todas las formas y de todos los paisajes, desde el agua hasta los planetas; de la descomposición de su prisma se disocian esos abanicos o


arcoiris, en cuya raíz está el círculo como elemento primario, devenido, a base de matices y combinaciones, secuencia tridimensional, espacial. Pero lo más extraordinario es que el espacio se ha fundido con la luz. Lodeiro entronca, de este modo, con una tendencia casi ecuménica a expresar los enigmas de lo existente en términos de luz radial. Cada cuadro es un múltiple Mandala en el que es posible reconstruir las infinitas relaciones posibles de los elementos básicos y reflejar el Universo.

Lo que más sorprende de la pintura de Lodeiro es su simplicidad, su absoluta decantación, su enorme labor de síntesis, gracias a la cual consigue dar a su mensaje una efectividad y una intensidad mucho mayor. Técnicamente nos da una especie de estructuralismo lumínico, a base de combinación de círculos, esferas o sectores cromáticos; pero emocionalmente nos brinda toda la riqueza de la sugerencia, que ha sido desde siempre la fundamental misión del arte.

Sí, ahí está el recién creado reino de la luz, vibrando de esperas, expectante, en éxtasis. Un silencio sideral invade esos ámbitos purísimos, preparados para augurar un nuevo ser, no condicionado por biología frustante o por entornos destructores. Estamos ante la soledad cósmica y ante las leyes indiferentes del Universo, pero también ante la esperanza total. Hoy, en que hay tanto "desgarramiento" facilón, tanto grito mentido, Lodeiro nos ofrenda el más desesperado humanismo: el que busca el delicado y difícil equilibrio y soledad sin efectismos, sin melodramatismos inútiles: el hombre es, o bien un bloque asombrado, una protuberancia del paisaje, con todo el patetismo silente de esas figuras románticas, símbolo del estoicismo secular de nuestro pueblo y del desamparo cósmico; o bien una ausencia apremiante, un fugitivo, un extraño.

Pleno habitante de la tierra, Lodeiro es un visionario de las Galaxias; y entre ambas instaure su reinado. La tierra, es, en realidad, el preludio, la antesala del Universo. En los cuadros más "galácticos", y en las partes de la composición más ascensionales, hay un predominio de las gamas frías, etéreas, relajante, sobre todo de los azules; pero a la tierra le da su color cálido: sus ocre y rojizos, su condensación siena; y cálidas son también sus míticas mujeres y la obsesiva ciudad fantasmal que brota sobre los ingravidos montes sus paralelepípedos solitarios, tan extrañada como sus hombres, tan habitantes de la intemperie como ellos.

En toda su obra consigue de un golpe dos cosas: pasearnos por los amplios y libres y desolados espacios cósmicos; y darnos la síntesis universal del tan traído y manoseado paisaje gallego. Lo primero se debe, como ya he dicho, a esos multiplicadores juegos de la luz. Lo segundo, la esquematización de nuestros paisajes, la consigue merced a las formas redondeadas, suaves, que se alargan en ondulantes colinas y a la armónica matización de azules, verdosos y grises. El mar es todo el horizonte y tras él, tras ese alén, cuya llamada nos sobrecoge, nacen raras tierras o islas o lugares insólitos, donde acechan el vértigo de lo desconocido el mismo que debieron de experimentar las huestes romanas, cuando vieron como el sol hundía su ensangrentada cresta en los lejanísimos horizontes de Finisterre. Una infinita aurora planea su luz astral, sobrecogedora, sobre los montes y Galicia ya no es Galicia, sino el paraje inusitado de los sueños, la legendaria tierra que tiene un pacto de amor y de muerte con el océano terrible, la frontera ilimitada de la saudade, donde materializan nuestras ansias inapagables de Absoluto y redención.




S/T, 1985. Acrílico sobre tea.

Carlos CREGO (Vigo, 1961). Expón individualmente desde 1980 (Sala Alma, Vigo). 1981 (Sala Cultura, Pontevedra), 1982 (Sala Baco, Vigo), 1983 (Sargadelos de Santiago e Centro Cultural Cidade de Vigo). Principais mostras colectivas: Novos Valores-Bienal Internacional de Pontevedra (1982), Pintores Galegos en Lorient-Francia. "Su disco favorito", Novos Valores da Bienal de Pontevedra, onde obtén o 1.º Premio de Pintura (1983). "Vexo Vigo". Unha visión da Pintura Actual na Casa da Cultura (Vigo). (1984) "A toda tela" itinerante por Galicia, Zamora e Madrid (1985).



S/T 1984. 140X160 CM. Acrílico sobre cartón.

J. SEARA (Pontevedra. 1957). Principais mostras: Grupo FOGA, Vilagarcía (1975), "Arte Xoven Galega", Museo do Pobo Galego, Santiago (1977), individual sala Matisse, Santiago (1978), individual sala Labirinto, Pontevedra (1981), individual galería Joaquín Mir, Mallorca, "Imaxes dos oitenta", Museo do Pobo Galego, Santiago, "Pintores fallegos Fundación March, Mallorca (1984), individual galería Novecento, Santiago (1985).



T, 1985. 105X150 CM. Acrílico e óleo sobre tea.

Xaime D. TENREIRO (A Coruña, 1955). Estudos de arquitectura, socioloxía e artes gráficas. Principais mostrar: Concello de A Coruña (1978), "3 pintores nunha rocha", Castelo de San Antón, A Coruña (1982), "A pintura galega hoxe", Concello de A Coruña (1983), Terres de Galice et de Nantes", Nantes-Francia, "Novas Formas, Vellas Raíces", Kiosco Alfonso (A Coruña), galería AKTUEL, Copacabana-Rio (Brasil) (1984).




"Keith Haring nas Cies", 1984. 140X140 CM. Técnica mixta sobre papel.

Carlos BARROS (Vigo, 1962). Despois do obter o 1º Premio de Arte Xoven Galego (Vigo), no 1979, fai algunha exposición. As máis importantes foron: Delegación de Cultura de Pontevedra (individual), no 81, mostras do colectivo "Andacio", do que é membro fundador en Pontevedra e Villagarcía, no 82, "Retaguardia Galega" (Centro Cultural Cidade de Vigo) e "Su disco favorito", no 83 "Vexo Vigo: unha visión da pintura actual" (Casa da Cultura, Vigo), no 84.



"Marineiros e outras profissões liberais", 1984. 150X150 CM. Técnica mixta sobre cea.

Xosé Manuel CALZADA (Sarria, Lugo, 1960) Realiza estudos na Facultade de Belas Artes de San Carlos (Valencia, desde 1980). Obtivo varios galardons, entre eles o "1.º Premio Pintor Sorolla de Elda, o "Numancia" de Soria é accesit no 1.º certamen de pintura da Caixa Postal (Madrid). Desde 1982 leva feito varias mostras "Feira do metal" (Valencia), no 82, Salón de Primavera (Valencia), Museo Benlliure (Valencia), Concello Pego (Alicante), no 83, Casa da Cultura (Soria), Biblioteca Nacional de Madrid, no 84, etc



4. "Isia", 1985. 100X100 CM. Acrílico sobre tea.

Luis MOREIRA (a Guarda, Pontevedra, 1957). Vive en A Coruña. Estudia nas Escolas de AA. e OO. de A Coruña e de Santiago na Facultade de BB.AA. de Barcelona e na Massana da mesma cidade. Principais mostras: "Nuevos Salvajes", Sala J. Busquets, Barcelona e "Premios Extraordinarios" da Escola Massana (1983), galería Finisterrae, A Coruña (1985).



"Mari"

"Mari" 1985. 120x80 CM. Técnica mixta sobre tea.

Tono CARBAÑO (Vigo 1960). Faz estudos de pintura na Escola Massana de Barcelona e asiste a clases na Escola de BB AA de San Jordi entre 1980 a 1982. No 84 trasládase a Madrid e participa nos Talleres de Arte Actual con Luis Gordillo. Destacan entre as súas mostras: galería Novecento de Vigo en 1982 e 1983 (ambas individuais). Vexo Vigo na Casa da Cultura (1984). A toda tela (panorámica da pintura galega actual) no Centro Cultural García Barbón de Vigo (1985). ARCO-85 coa galería Novecento. Ten feito tamén performance con Nati Aguilar.




"L1 Noche". 1984. 200X150. Oleo sobre tela.

Antonio MOUZO (Vimianzo, A Coruña, 1957) Autodidacta. Principais mostras. Sala Lume, A Coruña (1976). Exposición Homenaje a Picasso. Sala de Cultura, A Coruña individual na Sala Abside, A Coruña (1982). "A pintura galega hoxe" Concello de A Coruña e "Su disco favorito", itinerante (1983). Colectiva Circulo de Bellas Artes de Madrid, Bienal Internacional de Pontevedra e individual en Finisterre. A Coruña (1984) Participou nos talleres do Circulo de BB.AA. en Madrid e é becario da Xunta de Galicia



S/T, 1985. Acrílico sobre tela.

LOMARTI (Lugo, 1957). Pinta desde fai doce anos. Principais mostras: Sala Prisma (Lugo), III Biental de Pintura Contemporánea (Barcelona), "Aire Libre Manor Park" e "Aire Libre Tate Gallery" (Londres), Torreón de Lozoya (Segovia), Artistas Lucenses. "Nova Xeneración" itinerante no 83/4, Artistas galegos en Lorient-Francia (1984) e galería Sargadelos de Barcelona (1985).



S/T, 1985. 180X200 CM. Técnica mixta sobre tea.

Din MATAMORO (Vigo, 1958) Fai exposicións desde 1981. Destacan: Colectiva de Grabado na Librería Fuentetaja de Madrid (81); Palacio Vellosillo, Ayllón, Segovia (81); Universidad Complutense, Madrid (82); Vexo Vigo, Casa da Cultura, Vigo; "13 jóvenes pintores", Centro Cultural Salmerón, Madrid (84); "A toda tela", itinerante por Galicia, Zamora e Madrid; "Galicia en e ruído", Málaga e Punto, Artistas jóvenes en Madrid (1985).



"Tres, dos y una...La Coruña", 1984. 170X170 CM. Oleo sobre tea.

Laura TERRE (Vigo, 1959). Estudio de BB.AA. e grabado en Barcelona. Principais mostrás: Alumnos de BB.AA. Barcelona (1978), Pintura Xoven Galega. Vigo (1979), Saló d'Estiu. Sala Kreisler, Barcelona (1981), "Seis finalistas para la beca de la Fundación Güell. Palau Mojà, Barcelona (1984). Individualmente destacan: galería Novecento. Vigo e galería Hidea, Santiago (1983), Casa Cultura, Concello de Vigo e Sala Lola Anglada, Barcelona (1985).




"Autorretrato", 1984. 200X130 CM. Acrílico-tea.

Juan Martínez DE LA COLINA (A. Coruña, 1956). Fixo estudos de Arquitectura de Belas Artes en Madrid e Barcelona. Individualmente expón desde o 82. Destacan: Galería Abside (A Coruña) (1982), Concello da Coruña (1983), Galería Finisterre da Coruña (1984) e coa mesma en Madrid, en ARCO-85. Colectivamente destacan: Imaxes dos 80 dede Galicia, en Santiago, 1984, IV Bienal de Oviedo, 1984, "A toda tela" (1985), itinerante por Galicia, Zamora e Madrid. Foi 1.º Premio de Pintura Cidade da Coruña, no 82 e levou a cabo a dirección artística do video-clip "Viuda Gómez" de X. Villaverde.



"Las dos torres", 1984, 89X105 CM, Acrílico sobre tela.

Víctor APARICIO (Tuy Pontevedra 1958): Principais mostras: "Su disco favorito", itinerante (1981-2); 7. Bienal Nacional de Arte de Pontevedra (premio en Nuevos Valores); 1. Bienal de Pintura e Escultura, Univ. Politécnica de Madrid "Pornografía", galería Moriarty de Madrid (1983); II Certamen de Pintura Joven Caja Postal, Biblioteca Nacional de Madrid; Madrid, Madrid, Madrid; Centro Cultural da Villa, Madrid; colectiva Buades, Madrid (1984); Punto e Muestra de Arte Joven (Círculo de BB.AA.), ambas en Madrid (1985).



S/T. 1984. Acrílico sobre tea.

MAÑO (Zaragoza, 1960). Vive desde fai moitos anos en Galicia. Estudia dibuxo artístico e talla en madeira. Participa nas experiencias do colectivo vigués "Andacio", co que expón en varias ocasións. Principais mostras: Centro Cultural Cidade de Vigo (1981), Novos Valores da Bienal de Pontevedra (1982), Liceo Marítimo Vilagarcía (1983), "Ollando ca o mar" (Vilagarcía) e Sala do "Centro Cultural Cidade de Vigo" (1985).



"Gamela", 1985. 200X160. Oleo sobre tea.


Xaquín CHAVES (Vilaxoán 1959). Realiza exposicións individuais desde 1979 e colectivas desde 1977. Destacan entre as primeiras: Sta. Cecilia de Marín (1979), Caixa de Aforros de Vigo (1979), Caixa de Aforros de Pontevedra e de Santiago (1980), galería Agustín (Vigo), en 1983 e galería Sargadelos de Santiago, en 1985. Entre as colectivas: Cen artistas galegos na galería Torques de Santiago (1977), III Bienal Internacional de Pontevedra (1978), VI Bienal Nacional de Pontevedra (1981), VII Bienal de Arte de Pontevedra (1983), Bienal de Arte de Zamora (1984), Ollando cara o mar na Casa da Cultura de Vilagarcía (1984).

Escultores




"Pasado presente", 1985. 60X30X25 CM. Granito.

Laura RODRIGUEZ (Campolameiro, 1959). Estudios de cantería, modelado e alfarería. Principais mostras: "Identidade e Arte". A Escola de Canteiros en Pontevedra e Vigo (1984), Novos Valores. Bienal Internacional de Arte de Pontevedra e colectiva do "Bicentenario de la Escuela de BB.AA. de San Eloy", de Salamanca (1984):




"Encontro", 1985. 90X60X10 CM. cada peza. Granito e ferro. Instalacion.

Enrique VELASCO (Pontevedra 1955). Realiza estudos de modelado e escultura e participa en varias exposicións colectivas, entre elas na Bienal de Pontevedra. Obtivo o 2.º Premio Nacional de Escultura de Alcobendas, no 1984. "Monumento a la libertad de expresión". Comunidad Valenciana (1985), Bienal de Escultura.



"Arquitectura destructiva", 1985. 65X57X17 CM. Granito e ferro.

Javier TOUCEDA (Caldas de Reis, 1965). Ingresou na Escola de Canteiros en 1983 e participou en varias mostras colectivas coa Escola, na exposición do Bicentenario da Escola de Bellas Artes de San Eloy (Salamanca) e noutra colectiva da galería Casarrubuelos (Madrid).



"Muñeco mecánico", 1985. 67X36X16 CM. Granito e ferro.

Santiago QUEVEDO (Pontevedra, 1965). Estudia na Escola de Canteiros desde 1979 e expuso colectivamente cos mesma Escola en varias ocasións. Bicentenario de la Escuela de BB.AA. de San Eloy (1985).



"Pedro enferma", 1984. 550X50X25 CM. Granito.

Xosé Manuel CASTRO (Ponteceso, 1959). Estudos de modelado, ecultura e canteria na Escola de Canteiros (Poio) entre 1979 e 1985. En 1983 obtén o Primeiro Premio de Escultura ós "Novos Valores" na Bienal Nacional de Pontevedra o que ller permite facer unha viaxe de estudos para coñecer a escultura italiana desde o Renacemento. Fixo diversos monumentos públicos, entre eles o de Pondal en Ponteceso. Destacan entre as súas exposicións, todas elas colectivas: "Encontros no espacio: escultores galegos e cataláns dos oitenta" (Santiago, maio, 84), "Imaxes dos oitenta desde Galicia" (9 escultores galegos e un espacio) no Museo do Pobo Galego de Santiago (xullo, 1984), "Cinco escultores galegos" (galería Lola Durán de Pontevedra, febreiro, 1985) e "Hierro y Piedra", colectiva de cinco escultores españois na galería F. Vijande de Madrid (octubre, 1984)



"Impacto", 1984. 400X150X150 CM. Granito e chatarra. Instalación.

XOBABA (Río de Janeiro, 1963). Desde 1971 vive en Galicia. Fixo estudos de alfarería, cerámica, grabado, dibuxo, pintura, modelado, escultura, etc. Fai a 1.ª exposición individual en 1981 (Bar Boa Vila, de Pontevedra), no 1982 expón no Pub Albatros, Sala de Cultura e Novos Valores, en Pontevedra. Colectivamente expuso en Pontevedra, Salamanca, Madrid, Santiago, Vigo, etc. Obtivo unha serie de premios: 1.º Premio (Juvenil A) no IV Certamen Juvenil Provincial de Artes Plásticas (1982), 2.º Premio Dibuxo no Certamen Juvenil Provincial de Artes Plásticas (1983), 1.º Premio de Dibuxo, Pintura e Escultura no 1.º Certamen Juvenil de Arte Galego (1984), seleccionando no "VIII Certamen Nacional de Escultura". Caja de Ahorros y Monte de Piedad. Madrid (1984), 2.º Premio de Escultura, categoría nacional, no Certamen de Artes Plásticas, en Salamanca (1984), etc.



"unha mais". 1985. 40X40X100CM. Madeira.

Francisco PAZOS (Coba, Meaño, 1961). Estudia na Escola de Canteiros desde 1979. Foi 1.º Premio de Escultura ós Novos Valores da Bienal de Pontevedra 83 e 1.º na Bienal 84. Co importe das becas fai unha viaxe de estudos a Italia. Destacan as exposicións que realiza coa Escola no 84, en Pontevedra (xardíns da Diputación) e en Vigo (Parque do Museo de Castrelos). Expuso individualmente na galería Torrado de Pontevedra, en 1984. "Monumento a la libertad de expresión". Comunidad Valenciana. Castellón, Valencia, Alicante (1985).

Fotografia

NOTAS SOBRE FOTOGRAFIA GALEGA

O feito fotográfico en Galiza non é novo, existindo unha fonda tradición fotográfica. O editorialismo de Ferrer a principios de século. A reportaxe etnográfica de Galicia realizada por Ksado "Estampas de Galicia". Os retratos pictorialistas de Pintos dos anos vinte, ou a súa reportaxe sobre os Frades de Poio. Os mariñeiros, a Mancha, a Pampa o Xapón de Jósé Suarez. A reportaxe da emigración realizada por Manuel Ferrol en 1956. Outros menos estudados como poden ser os arquivos de Pacheco, I'dal, Llanos, Chicharro etc... son boa proba delo sin esquercémoños dos que podan quedar por descubrir.

Si ben algúns dos movementos fotográficos tiveron representantes aquí e nalgúns casos cunhas señas particulares, hai que constatar que Galiza estivo aillada a moitas das correntes artísticas que se diron en cada momento en Europa (dadaísmo, surrealismo...). Tardaron moitos anos, mais que noutros países, hasta que a foto chegou a ter a presenza que hoxe intenta ter. Rexistrándose neste momento un número importante de exposicións, fundamentalmente de fotografías locais. Ao mesmo tempo vai tomando forma a reivindicación da fotografía como feito cultural, e non como hobby metido en ghettos e aillando das demais formas de expresión.

Si analizamos o que se está a facer hoxe, observamos que tanto nos temas como na forma de tratalos hai unha grande variedade (Fotoxornalismo, reportaxe, foto de moda, retrato, fotomontaxe, estudo da cor, investigación na manipulación da foto...) sin que se poda falar dunha unidade de estilo, nin siquiera de características comúns a maioría dos fotografías agas a gran presenza da cor.


Neste momento a Fotografía Galega, superou a etapa de fotografiar unha serie de temas dunha forma tópica (feiras, vacas, horreos, cruceiros...), establecéndose nostante o debate de si os temas rurais debían de ser definitivamente abandonados. Hai quen es din que é pouco “moderno” fotografiar temas galegos, estando todo hai outros que dió que é incompatibel fotografiar aquí e interesarse polo que se está a facer en París ou en New York.

Parecenos absolutamente desafortunadas as súas concepcións. Unha porque consideramos que todo tema admite novos tratamentos, non esgotándose nunca o seu potencial expresivo. E a outra porque consideramos igualmente desacertado que a foto galega quede reducida a temas rurais, sendo o proceso de converter en foto novos temas, un dos camiños que ven recorrendo a fotografía dende o seu nacemento, e pra esto non ven mal saber o que esta a facer polo mundo adiante.

Manuel Sendón


Xosé Luis Suárez Canal

Vigo, maio 1985



CRISTÓBAL DE 1944

Xosé Abad




A porta de Rande, 1980, Original a cores.

Vitor Vaqueiro




Mascara-17 (1984), Original coloreado.

Manuel Sendón



ARTISTAS-03. Original en blanco e negro.

X. L. Suárez-Canal




Orizguera. 1981. Blanco y negro.

Xurxo S. Lobato



Original en blanco e negro.

Delmi Alvarez



Original coloreado.

Marcellino de Santiago Kukas

Humoristas

Crodio

Como non pinta a mona, métese nos arquivos e remexe entre vellos papeis até topar cun inédito de quen sabe quen.

Barbudo, sabido e acaparador de canto prémio dan; herói popular no lugar de Urdilde.

Só temos un critico humorístico, o Clódio, calquera día farta de aturar-nos e rematou-se a carallada.

Seriedade, moita Seriedade.

Seica descubren un deseño de humor no primeiro andar dun Castro na praia de Baroña.

Seriedade.

Cando xa non há bufóns, nen moinantes, nen cegos que len nos carteis, fican os pinta monas que ides ver seguindo o rigoroso orde analfabético.

A troupe do humor, os auténticos analistas (orina, sangue, e tal) da actualidade prehistórica.

Incontrolados, rendidos ao mellor pagador, infiltrados de todos os enemigos, traidores, pendóns, inxuriosos. Nunca rin.

Todos, fixédevos ben, todos calcan de autores australianos (por tanto pouco coñecidos nas beiras do Ulla), duns cadernos que tronxera un de Bueu que fora lá por un asunto de raza rúbia galega.

Mirade para eles, non queren dar a cara, son tristes, de cor grisenta, cincentos, borrachóns.

Rillar nas chourizas de Lalin ven sendo sua ocupación principal.

Xentiña abominábel.

Iglesias Viqueira publica libros de bolsillo (del suyo)

Víctor Manuel Iglesias Viqueira (Vigo, 1947) vino al mundo con la carta de recomendación escrita por él mismo. Al contrario que en los anuncios de detergentes, no se lo dijo a nadie, pero se enteró todo el mundo. A los cuatro años ya sabía leer por los dedos y contar por el ordenador, que aún no había llegado aquí. Empezó a observar el género humano y advirtió que, en algunos aspectos y como pura hipérbole, era divino. Más tarde adquirió la firme convicción de que el hombre era un perfecto animal (a la mujer, en aquellos tiempos, no se la consideraba). Tuvo una adolescencia de pedradas, chapas y canicas, y manchadiza, sin frigorífico ni ducha caliente. En el Bachillerato jugó la baza del aprobado justo, de lo que extrajo algún que otro suspenso, algún que otro notable y algún que otro sobresaliente.

Luego, como no servía para qñta cosa, se puso a trabajar con tan mala fortuna que consiguió un puesto, allá por los finales de los sesenta. Por aquellas calendas sobraban. Entró en un periódico de currínche, de pelagra... y sintió la llamada de la Universidad mediados los setenta. Fue y vino —por libre; éstabamos en plena democracia—, y coronó el empeño: licenciado en Ciencias de la Información. Se lo dijo a todo el mundo, para que todo el orbe se fastidiara, con lo que consiguió que muchos se alegraran.

En cuanto a credos y expresión literaria se muestra partidario del sincretismo, y apunta que, a su entender, se gasta demasiado papel. Fiel a este postulado, él no se **prodigia** demasiado, porque sostiene que “la breva, si buena, dos veces higo”. Escribe artículos de humor (le dicen que son muy serios), serios (le dicen por qué menuda coña se trae), cuentos (que no son exactamente cuentos, pero que de alguna manera habrá que llamarles), novelas cortas (le dicen por qué no las escribe más largas), “Pensamientos de Mi-Au” (le preguntan si son de gato o de gata).

Colabora en varios medios escritos y hablados (en cuyas personas responsables parece haber identidad de criterios: no le pagan. El autor estima que ya cambiarán las tornas cuando sea famoso, con la servidumbre implícita de que “Cuando sea famoso dejaré de ser famoso”). Publica libros “de bolsillo”, porque de ahí le salen, porque le cuestan los cuartos y, si no los vende, al menos los difunde, que es luchar por la cultura de masas, eso que constituye el engrudo de la civilización.

Imbuido del espíritu senequista, es tanto más feliz cuando menos apezezca. Y de los gobernantes, de la sociedad espera muy poco lejos de la transacción crematística. El ser humano le ha hecho instalarse en una suerte de pragmatismo de vuelta y media, a la desensiva muelle, en el discreto pasar en lo que respecta a las cosas que pasan. Está afiliado a su propio partido, de uno solo, y algún día formará coalición con fuerzas ideológicas afines, siempre que cada una de las integrantes mantenga la identidad individual.

Autor de ocho títulos, es uno de los contados humoristas de pluma del solar gallego, en la actualidad; también es un teórico divulgador del género, como ha probado en el I Encontro de Humoristas Galegos. Hacer el “mono” no se le da, porque es torpe, y lo reconoce, para el dibujo. No sueña con la gran obra, sino con Freud.

Antonio Mascato

Figura entre prós por ser o empresário (ollo é da Trilateral) do CAN SEN DONO; por riba é quen fai as entrevistas políticas que impón nas páxinas centrais.

Estamos todos ricos á contra corrente do que nos paga por traballar.

Agora anda a promocionarnos polo extranxeiro, colocando a nosa obra no Prada, na Galería Reithlander (Suica) e no Museo de Arte Moderno de Alaska.

Un Santo!

Guerrero



REAGAN: ...E vai a vella e lle di a Gorbachov: alégrome moito, meu filliño de que teñas chalé na Ucra-
nia, viaxes en Rolls Roice e vivas nun pazo,
pero ten moito coidado, non sexa que algún día
veñan os comunistas e cho quiten todo...

ULIO IGLESIAS: ¡Moi bó! ¡Moi bó, Rónald! ¿e de paso
por qué non llo contas a Felipe cando vaias á Es-
paña? Ben seguro que o convences pra que non
faga o referendun da OTAN.

JANCY: ¡Ji, Ji! ¡Que home mais listiño teño!

Gogue





Animal pre-capitalista pasivo



Animal pre-capitalista seguro

Luis Pereiro



Ignacio Hortas



Manolo Fragoso


**Eu peço na
gracia de Deus**



Gonzalo Vilas



Insua



Calrosilvar



Eu dicía, antes que outra cosa,
reconverter o Estado....

Phillipot



David Sotelo



Siro



a muller de Siro

Torres



-Bule ustedde mais coa pruma que eu
co arado.

Mariano




¿...ETÍ ERAS A QUE IBAS
Ó MUIÑO A MOER...?

Rocamadour



Quesada



Xesus Campos



Xosé Lois

¡FÁLALLE GALEGO!



Bernar




Manoel Gulin

EN FAVOR DA MULLER
UNHA SOLUCION MAIS
RADICAL QUE O ABORTO
SERIA A "DESPENELIZACION"
DO MACHO.




MANOEL GULIN

Pepe Carreiro



FRENO de MAN



FRENO de AP

Forxan




Xan Carlos



Lalo




Fran Jaraba



Xaquín Marin

TRANQUILOS. NON IMOS A PIQUE,
E QUE RECONVERTIMOS O BAR-
CO EN SUBMARIÑO



Reconversión
estaleiros

Táboa

Limiar	7
<u>POESIA</u>	
Xoaquin Agulla	10
Xosé Maria Alvarez Caccamo	12
Xela Arias	14
Xavier R. Baixeras	16
Miguelanxo Fernan-Vello	18
Xosé Devesa	20
Maria Diaz Vidal	22
M. Forcadela	25
Margarita Ledo Andión	27
Anxeles Penas	29
Alfonso Pexegueiro	32
Manuel Rivas	34
Paco Rodesca	36
	37

Antonio Santamarinh	38
Enrique Manuel Rabunhal Corgo	41
A. R. Reixa	43
Rivadulla "Corcon"	47
Xulio Valcárcel	49
Vazquez Pintor	52
Victor Vaqueiro	54

CATALUNYA

J. M. Sala Valldaura	58
Josep Piera	60

BRASIL

.....	63
-------	----

<u>ANGOLA, CABO VERDE, MOZAMBIQUE</u>	66
---	----

PINTORES

ALTERNATIVAS 80	68
Xosé Lodeiro	71
Carlos Grego	74
J. Seara	75
Xaime D. Tenreiro	76
Carlos Barros	77
Xosé Manuel Calzada	78
Luis Moreira	79
Tono Carbajo	80
Antonio Mouzo	81
Lamarti	82
Din Matamoros	83
Laura Terre	84
Juan Martinez de la Colina	85
Victor Aparicio	86
Maño	87

ESCULTORES

Laura Rodriguez	90
Enrique Velasco	91
Javier Touceda	92
Santiago Quevedo	93
Xosé Manuel Castro	94
Xobaba	95
Francisco Pazos	96

FOTOGRAFIA

Notas sobre fotografía galega	98
Xosé Abad	100
Vitor Vaqueiro	101
Manuel Sendón	102
X. L. Suárez - Canal	103
Xurxo S. Lobato	104
Delmi Alvarez	105
Marcelino de Santiago "KUKAS"	106

HUMORISTAS

Crodio	108
Iglesias Viqueira	109
Antonio Mascato	111
Guerrero	112
Gogue	113
Oti	114
Luis Pereiro	115
Ignacio Hortas	116
Manolo Fragozo	117
Gonzalo Vilas	118
Insua	119
Calrosilvar	120
Phillipot	121
David Sotelo	122
Siro	123
Torres	124
Mariano	125
Rocamadour	126
Quesada	127
Xesus Campos	128
Xosé Lois	129
Bernar	130
Manoel Gulin	131
Pepe Castro	132
Forxan	133
Xan Carlos	134
Lalo	135
Fran Jaraba	136
Xoaquín Marín	137



S. C. D. CONDADO